



Prácticas externas do MSC¹: aspectos básicos e espazos de prácticas

Curso 2020-2021

Aspectos básicos

-A información relativa aos prazos, formulario de solicitude, listas provisionais e definitivas na adxudicación dos espazos de prácticas será enviada ao **correo electrónico USC de cada alumna/o**. Na **aula de coordinación do título** poderedes atopar tamén información de prazos próximos a vencer, publicación de listas, etc.

-As prácticas teñen unha duración total de **150 horas de traballo** (incluídos desprazamentos ao lugar en que as prácticas se desenvolverán).

-En xeral, agárdase que a alumna/o alumno estea no espazo de prácticas **aproximadamente un mes a tempo completo** (existe a posibilidade de fragmentar este en varios períodos, se se acorda co espazo de prácticas a realización a tempo parcial).

-Todas as empresas e institucións ofrecen **unha praza, agás aquelas marcadas cun ***, **que ofrecen dúas**.

-As prácticas están pensadas para seren **presenciais**. **Poderán ser virtuais** por acordo entre a persoa que fai as prácticas e as/os responsables do lugar de traballo. A modificación deberá ser autorizada pola USC e estará xustificada na situación de excepcionalidade derivada da pandemia.

-Aqueles persoas que posúan unha **experiencia laboral previa** no ámbito da xestión cultural poderán solicitar validala pola materia *Prácticas externas*².

-Se estás interesada/interesado nun **lugar de prácticas que non aparece na relación seguinte**, por favor ponte contacto **canto antes** cos/coas responsables desta empresa ou institución para solicitar facer as túas prácticas nela³. No momento en que a empresa ou institución acepte recibirte, debes informar á facultade, a través da xestora académica (mariamargarita.diaz@usc.es) desta circunstancia.

¹ Podes consultar a información académica sobre a materia *Prácticas externas* no seu programa: <https://www.usc.es/gl/centros/humanidades/materia.html?materia=143508>.

² A validación da experiencia profesional pola materia deberá solicitarse no enderezo uxa.lugo@usc.es **entre o 1 e o 8 de febreiro de 2021**.

³ Neste caso, debes poñerte en contacto coa profesora responsable das prácticas externas na Facultade de Humanidades (alba.diaz.geada@usc.es) para proceder á tramitación da sinatura do convenio coa empresa ou institución que elixiches.



Relación de ámbitos con convenio para a realización das prácticas do MSC

Asociacións culturais

A persoa en prácticas debe dar apoio ás actividades culturais da asociación, ben no deseño ben no desenvolvemento e comunicación destas.

*Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Lugo) [<http://adega.gal/portada.php>]

*Asociación Cultural Arumes do Corgo (O Corgo, Lugo) [<http://arumescorgo.blogspot.com/>]

Asociacións profesionais

A persoa en prácticas coñecerá as actividades desta asociación, que abrangue boa parte dos e as profesionais do sector en Galicia e que se ocupa tamén de realizar iniciativas de formación para persoas laboralmente activas neste ámbito.

Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (Santiago) [<http://xestoresculturais.gal/>]

Concellos (áreas de cultura)

A persoa en prácticas traballará cos/as responsables da área de cultura no concello que seleccione, tanto apoiando a implementación de proxectos concretos como, se é o caso, no deseño e divulgación das políticas culturais da entidade.

A Cañiza (Pontevedra) [<http://www.caniza.org/?lang=es>]

Amoeiro (Ourense) [<http://www.amoeiro.gal/>]

Cabanas (A Coruña) [<https://www.cabanas.gal/>]

Castro Caldelas (Ourense) [<http://www.castrocaldelas.es/?lang=es>]

*Curtis (A Coruña) [<http://www.curtis.gal/index.php/es/>]

Fisterra (A Coruña) [https://concellofisterra.gal/portal_cidadan/portada/gl]

*Lugo [<http://concellodelugo.gal/>]

Moaña (Pontevedra) [<https://concellodemoana.org/>]

Monfero (A Coruña) [<http://www.concellodemonfero.com/>]

Monterroso (Lugo) [<http://www.monterroso.es/gl>]

O Pino (A Coruña) [<https://opino.gal/>]

Ourense [<https://www.ourense.gal/gl/>]

A Pobra do Caramiñal (A Coruña) [<https://apobra.gal/>]

Quiroga (Lugo) [<https://concellodequiroga.com/>]

Rodeiro (Pontevedra) [<https://www.rodeiro.gal/>]

Salceda de Caselas (Pontevedra) [<http://salcedadecaselas.gal/>]

San Amaro (Ourense) [<https://www.facebook.com/Concello-de-San-Amaro-461605791044625/>]

Santiago de Compostela (A Coruña) [<http://santiagodecompostela.gal/>]

Sober (Lugo) [<http://www.concellodesober.com/>]

Sobrado (A Coruña) [<https://www.sobrado.es/>]

Vigo (Pontevedra) (Fundación Penzol)
[https://hoxe.vigo.org/movemonos/m_penzol.php?lang=cas#/]

Vilalba (Lugo) [<https://www.vilalba.gal/>]

Deputacións (área de cultura)

A persoa en prácticas coñecerá e, se é o caso, participará nos proxectos desenvolvidos polas áreas concretas das tres institucións provinciais que se mencionan.

Lugo (Centro de Artesanía e Deseño) [<http://cultura.deputacionlugo.gal/es/centrad>]

Ourense (Centro Cultural Marcos Valcárcel)



[\[https://www.centroculturaldeourense.com/\]](https://www.centroculturaldeourense.com/)

Granada (Consortio Parque de las Ciencias⁴)

[\[http://www.parqueciencias.com/parqueciencias/index.html\]](http://www.parqueciencias.com/parqueciencias/index.html)

Empresas de servizos culturais

A persoa en prácticas poderá participar no desenvolvemento dos proxectos e iniciativas deseñados e implementados desde a empresa en que realice a súa estada.

*Crearte Servizos Culturais S. L. (A Coruña) (diversas actividades no ámbito da xestión cultural: <http://creartesc.es/que-facemos/>) [<http://creartesc.es/>]

Destination Experiences S. L. (Santiago, Cidade da Cultura) [actividade: maiorista de turismo cultural] [<https://destination-experiences.com/>]

Editorial AXAC (Lugo) [<http://www.editorialaxac.com/>]

Galipat Servizos Culturais [actividades: Museo Universitario Domus do Mitreo e outros centros museolóxicos, diversas actividades no ámbito da xestión cultural] [<http://galipat.es/>] (convenio en tramitación)

Inter-Anima Events (Lugo) (actividade: organización de eventos e ocio en Lugo)

Trivium Estratexias en Cultura e Turismo (Santiago) (Parque Arqueolóxico de Campo Lameiro, Pontevedra, e outros centros museolóxicos) [<https://www.trivium.gal/>]

Fundacións

A persoa en prácticas coñecerá a política cultural daquela fundación á que sexa asignada e, de ser posible, apoiará na posta en práctica e no deseño das actividades características do espazo.

Fundación Araganey (Santiago de Compostela)
[<https://www.fundacionaraganey.com/>]

Fundación Cidade da Cultura (Santiago de Compostela)
[<https://www.cidadedacultura.gal/>]

⁴ Museo interactivo de ciencias, de titularidade conxunta autonómica (Junta de Andalucía) e provincial (Deputación de Granada).



Fundación Feiras e Exposicións de Lugo (Lugo) [<https://pfclugo.com/>]

Fundación ONCE (só estudantes con discapacidade) [<https://www.fundaciononce.es/>]

Fundación Uxío Novoneyra (O Courel-Lugo) [<https://uxionovoneyra.com/>] (convenio en tramitación)

Museos

A persoa en prácticas poderá participar das actividades propias dos diversos centros museísticos (catalogación de materiais, visitas guiadas, actividades de divulgación físicas ou en rede, acción educativa, etc.).

Museo Arqueolóxico Castro de Viladonga (Castro de Rei-Lugo) [<https://museos.xunta.gal/es/viladonga>]

Museo de Belas Artes da Coruña (A Coruña) [<http://museobelasartescoruna.xunta.gal/>]

Museo do Mar de Galicia (Vigo) [<http://museodomar.xunta.gal/es>]

Museo Etnográfico Casa do Patrón (Doade-Lalín, Pontevedra) [<http://museoetnografico.net/>]

Museo Provincial de Pontevedra (Pontevedra) [<http://www.museo.depo.gal/>]

*Rede Museística Provincial de Lugo (Museo Provincial de Lugo, Museo Fortaleza San Paio de Narla (Friol, Lugo), Museo Pazo de Tor (Monforte de Lemos, Lugo). Museo Provincial do Mar (San Cibrao, Lugo)) [<http://redemuseisticalugo.org>]

Mosteiros

A persoa en prácticas participará do Mosteiro como centro cultural (visitas guiadas, análise das obras expostas, etc.), de acordo coas directrices das/os responsables.

*Mosteiro de Samos (Lugo) [<https://www.abadiadesamos.com/>]

Universidades

A persoa en prácticas participará das actividades culturais deseñadas desde as universidades (exposicións, conferencias, espectáculos, programación cultural, etc.). Nas cidades de Santiago e Lugo (nesta última, a través do convenio Lugo Cultural), a



universidade é unha das institucións clave na diversificación da programación cultural dos últimos anos e está presente en moi diversos sectores: música (clásica, folk, contemporánea), fotografía, creación cinematográfica, danza, etc.

Universidade de Santiago de Compostela [<https://www.usc.gal/gl>]

Facultade de Humanidades de Lugo [<http://www.usc.gal/humanidades>]

Área de cultura-campus de Lugo e Santiago

(<https://www.usc.es/gl/servizos/cultura/>)

Servizo de Participación e Integración Universitaria (Lugo) (*o servizo é o responsable das accións de voluntariado universitario*)

<https://www.usc.gal/es/servizos/sepiu/volunt.html>

Universidade de Cádiz (<https://www.uca.es/>)

Entidades dependentes da administración autonómica galega

Centros dependentes da Consellería de Política Social (actividades de animación sociocultural) [<https://www.xunta.gal/politica-social>]

A persoa en prácticas pode realizar estas en calquera dos seguintes tipos de centro: centros de menores de titularidade autonómica, centros de atención a persoas con discapacidade, centros residenciais e de atención diúrna, albergues, campamentos xuvenís, residencias de tempo libre e en xeral centros socioculturais de titularidade autonómica. En cada un deles coñecerá as actividades relacionadas cos diversos colectivos aos que se atende, podendo participar activamente, desde a súa condición de alumna/o en prácticas, tanto no deseño como na implementación.

Consello da Cultura Galega [<http://consellodacultura.gal>]

A persoa en prácticas coñecerá as distintas liñas de actuación do Consello en materia de cultura en Galicia, e poderá participar no seu deseño e/o desenvolvemento, así como na comunicación destas.